

# O TIO MARCOS D' A PORTELA



Os mandamentos d'o MARCOS  
fíra d' airexa, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casarse con ninguén,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir e' o que manda a ley,  
loitar pol-o noso adianto  
con entusiasmo e con fé,  
vestir calzós e monteira  
per omnia sécula amen.

Teñen os pobos a gala  
n-o seu linguaxe falar:  
fálase chino n-a China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n a Alemania, alemán,  
soilo os gallegosd' agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e doce  
fala que falan seus país.

## PÁRRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano sétimo

Ourense 12 d' Abril de 1885

Parrafeo satenta e tres

### BARBERIAS 'O AIRE LIBRE.

En Galicia, onde n-os tempos vellos e inda hoxe se xuntan en concello pra falar d' os negocios d' as parroquias os nosos patrucios; onde o fisco fai estrozos e deixa n-o medio d' o regato sin chouza e sin bês os que preitean por ganas de preitear, ou por non avírense ás falcatruadas d' os caciques; onde os labregos cargan con cántimas de total-as castes; onde se conservan decote as malas costumes que herdamos d' os antepasados, non podían desaparecer as barberías ó aire libre.

Véñense sostendo pol-a falta de cartiños n-as aldeas, vilas e cibdás d' a nosa terra, porque si temos diñeiro pra pagar os trabucos, non dispoñemos d' él pra n-os afeitar logo que chegamos a mozos e n-os saen as barbas á cara. E lévase de que por acó n-os *afeitan* n-os repartos d' a territorial e consumos, e bótannos de cota por barba o que non fora levadeiro nin pra homes de pelo en peito.

Nantronte n-as barberías ó aire libre pagaban un carto pol-a barba; hoxe e' o adianto d' os tempos hastra se rubiron os barbeiros ás barbas d' os parroquianos, e non collen a navalla n-a mau pra poñela n-a cara sin que dinantes non lle solten duas cadelas; non hay feira, nin festa,

nin día santo sin barberías ó aire libre, e o mesmo n-aldea, que n-a vila, que n-a cibdá, a rente d' a eirexa, si fai sol, ou debaixo d' un pendello si chove, eses barbeiros agoirantes encárganse d' afeitar á un de mala maneira, diante por diante de to lol-os que van e veñen.

O precio é cativo—duas cadelas por barba—mais a operacion é condanida.

¿A quén non se ll' arripia o corpo ó ver o barbeiro navalla en mau o xeito de fouciña, disposto a segar n-a barba como si fose en erba, e' un pino lixoso y-unha palangana con mais dentes que unha serra dipinduradas n-a parede? ¿A quén non lle dá mala espiña o axudante, que e' un prato n-a mau cheo de esca pra tapal-as arañadelas que a navalla faga, está e' os ollos abertos e sobre d' aviso pr' atender aixiña á cura d' as feridas?

É certo que pol-o que levan por afeitar non vale a pena de lle dar enxabon a un home, pero as secuencias, como d'icia o señor Benito Distrés, as secuencias de s' afeitar por pouco diñeiro saénlle a un á cara, e ven a dar n-o mesmo sentarse n-un banco d' unha barbería ó aire pra que lle rapen as barbas que sentarse n-a taborela d' os axusticiados pra que lle dean gañote.

Non abonda dicilo, pois pra sabelo ten un que

pasalo; non abonda espoñer de dito o que fan eses Herodes d' a humanidá barbuda c' os seus parroquianos, sin que un espoña ô feito a sua cara; non abonda pra pintalo dicir que dibuxan, cando afeitán, que segan n-as barbas co-a navalla pol-o xeito d' o segador co-a fouchiña n-o centeo: é preciso pechar os ollos y-entregarse n-as suas maus pra comprendelo, pra s' enteirar de que a xusticia d' a terra consinte crimes que están pidindo venganza á xusticia d' o ceo.

Inda ben non se senta o parroquiano, cand' o barbeiro cólleo d' a sua mau pra lle facer sentir os mais feros rigores. Entálalle a palangana contr' a noz, que non se quebra c' o golpe porque non ten cascás; põna de maneira que lle corra a auga pol-o peito y-escomenza á darlle o xabon como si o paciente non tivese ollos, narices e boca. D' ali á pouco a cara d' o que s' afeita non é mais c' un monton d' escume. Namentres o barbeiro compoñ a navalla, si corre courisco, ten o parroquiano que sufrir con pacencia aquela promeira afeitadura que lle leva o coiro á repelo.

¡E maus á obra! O barbeiro esprémelle c' os dedos a carne como si fose un limon; dempois d' os dedos pasa a navalla facendo arañadelas como si fosen as gadoupas d' o demo, e non solo o que s' afeita sinon o que s' alcontra preto sinten o *ras-ras* d' o instrumento que asemella prenderse con dentes e uñas ôs cañotos d' a barba.

O axudante namentres, pra que a sangue non corra, tapiza con anaquiños de esca os buracos que fai a navalla, sin parar mentres en que o parroquiano arregaña os dentes c' o delor e co-as turradelas que lle dá ôs lábeos o barbeiro.

O mozo mais valente, o que non consinte que lle poñan o pè diante nin as maus n-a cara por forza, deixa pol-a forza d' a costume que fagan d' a sua cara un rifadeiro de gatos.

E que teña tino de non se queixar, porque de facelo, de ter xiquera o desafogo de botarlle a culpa á navalla por non estar ben afiada, tería mais que falar o barbeiro que o parroquiano.

En acabándose a angueira feita de presa e correndo pol-a mor de despachar aixiña pra que o traballo renda e saya a conta d' o xorne, o barbeiro deixando libre ô parroquiano dille secamente: «Que aproveite e que sea por moitos anos.» Dito qu' encerra n-a promeira parte unha bulra, e n-a segunda un arrepenimento serodio ou unha espranza muscha, pois pra desgracia d' os gallegos que temos barbas, estas sin precu-ras nin regos medran n-as nosas caras mais que

o millo y-o centeo n-os sementados e contamos as colleitas pol-os meses d' o ano.

Pra compretar o cadro d' os barbeiros ô aire libre alá van dous contos que sucederon como vol-o digo.

O Fuco de Mondoñedo que se levaba co-a sua parenta como se levan o can y-o gato, sempre que rifaba co-ela e lle puña a cara co-as uñas feita unha lástema, decíalle ôs amigos que lle preguntaban de que fora aquilo, que viña de s'afeitar, e colaba o dito, porque ninguén s' estranaba de que fixera tales estrozos a navalla, d' un barbeiro n-a cara d' un cristiano.

O Xulian de San Clodio foi á vila de Ribadavia de festa, e de camiño antoxóuselle afeitarse n-unha d' esas barberías ô aire libre. Xa o barbeiro lle tiña afeitada media cara cando se ll' ocorreu dicirle o que se ll' esquecera dinantes, que non levaba n-as faltriqueiras duas cadelas pra lle pagar. ¡Quén tal lle dixo ô barbeiro! Tiroulle o pano que lle puxera ô pescozo, botoulle á chorro pol-o peito a auga d' a palangana, que o puxo mollado com' un pito que cai n-un rego, e díxolle con xenio enrabechado: «¿Por qué non falou dinantes? ¡Ande, vaya e que o afeite de valde o demo maor d' o inferno, qu' eu non estou pra lle perder o tempo!»

N-aquela disposicion, co-a metá d' a cara afeitada e co-a outra metá sin afeitado, andivo de riola pol-as ruas d' a vila á dilixencia de buscar barbeiro pra que ll' arrematase a feitura d' a barba, cousa que non logrou, pois ô velo os d' o oficio, respondíanlle con sorna-morna, sin darlle creto: «A min non me veña co-esas encomendas: quen emprinciou que arremate.»

#### POR UN LIBRO.

Fixéronme moito mal  
os ladrós d' os teus olliños,  
furtándome sin sentir  
o meu tesouro mais rico.

Si esa maña os meus tiveran,  
daban sin chistar un brinco,  
e d' o teu peito apañaban  
o que tês tan escondido.

Seica os trasnos te truxeron  
dende o outro mundo á Vigo  
para mal d' os meus pecados  
traerme como un sarillo.

Disme que son bô rapaz,  
e que me has de dar un libro...  
O libro têlo gardado,  
e nin o forro lle miro.

Así é que un pouco penso  
que pòs en min o sentido,  
e outro pouco que xiquera  
che se dá por min un pito.

Eu non entendo esta andrómena  
en que me vexo metido,  
nin porque estouras de risa  
cando o meu amor che digo.

—¡Demo d' home! ¡Qué me quer  
si xa está feito un canizo,  
e si o levan á feira  
non dan por él un cuartillo?

Así dirás, viudiña,  
como tamen así dixo  
unha tal Ambrosia Pernas,  
que chas tiña de lo lindo.

Millor... voume á facer meigo  
para entrar moy á modiño  
de noite n-a tua cama,  
e si dormes, dache un bico.

E como non saberás  
d' o conto, xiquera isto...  
cando te rias de min,  
eu de tí me hei d' estar rindo.

Aquí suspendo, viudiña,  
por amor d' o meu sobriño,  
que veu axiña d' a escola  
a veixar á mau ô tio.

—¿Qué qués, rapaz, á que vès  
c' o tamboril e c' o pito?

—Junh ¡qué roña? á que hei de vir  
sinon á tragnerlle isto.

—¿E qu' é eso? á ver, á ver...  
¿Quén ch' o deu?

—Un señorito,  
que ll' o dera unha señora,  
e que á esta outra, e lle dixo...

—Pois vaite... ¡Gracias á Dios!  
—¿E que é, que é?

—Repito  
que te vayas.

—¿E por qué?  
—¿Non ves que estou escribindo?  
Dios ch' o pague, viudiña,  
Dios ch' o pague pol' o libro,  
que me vèn d' as tuas mans  
como d' as d' un anxeliño.

Doumo Trina, Dios lle de  
un mozo como un castillo,  
e á Pepa, sua hirman  
outro que sea ben rico.

Cando desoletreí  
o que reza n-o principio,  
agachapeino n-o seyo  
e funme á aldea n-un brinco.

Un fato de mozas novas  
xa me esollaban n-o millo:  
eu sentado ô pé d' a fonte  
lee que te lee de corrido.

¡Qué cousas tan boas dí  
para os pais que teñen fillos,  
e para os fillos d' os pais  
que a botan de xudíos!

¡E que ven as raparigas  
que fan chorar os negritos,  
sin ter medo as perguiseiras  
á que Dios lles faga o mesmo!

¡Que coplas tan feiticeiras  
para que os probes e ricos  
n-este mundo privadeiro  
anden todos á modiño!

Aquelo que diz, ¡qué ben!  
*Util á la patria he sido  
sacando de la ignorancia  
á infelices desvalidos.*

¡Cánto por deprender dera  
de memoria todo o libro!  
Pero esta miña cabeza  
seméllase á d' un borrico.

Xa don Pelayo n-a escola  
cando me ensinaba os cristus,  
colgábame n-o pascozo  
un burro, mais nin por iso...

En fin, garda, viudiña,  
como un tesouro ese libro,  
que n-estes tempos d' o demo  
eche como pan bendito.

XOSÉ MARIA POSADA.



AS PATACAS.

A nova colleita alcóntrase á frol de terra: as  
bocas que han de comelas xa fai tempo que s'  
están abrindo. Bô é que algo vos diga d' as pa-  
tacas, mantenza que inda que non-a leve o estó-  
mago ven á ser de consumo diario entre labregos.

En boa hora vaya dito que non é por soberba:  
as patacas deberan empregarse n-a terriña pra  
cebar os porcos, pois como alimento de cristia-  
no, cola porque non hay outro remedio, pol-o  
demais sin a compañia d' unhas magras de xamon  
ou d' unhos chourizos, como as xantan os que  
turrán d' o sacho, atróusanse n-as gorxas.

As patacas n-as nosas aldeas cómense á fe-  
rrados: fan as veces d' o pan e d' a carne, pero  
nunca fan gracia. Labregos hay que ô verse  
diante d' unha fonte de patacas non poñen boa  
cara por moita fame que teñan: aquilo de comer  
sempre d' unha mesma cousa, ralla, e bótanlles  
a mau—porque as patacas nin con tenedor se  
collen—como quen mete os pés n-a auga pra  
pasar un regato.

O nagocio d' as patacas trabállase n-a nosa  
terra mais c' o sacho que c' os dentes. Dinantes

de recolleitalas hay que facer moitas precuras; dempois de recolleitalas, logo se derreten en cachelos, ou n-o caldo, ou cocidas enteiras.

As patacas conteñen moita fécula. Hastra o nome non é corrente nin farturento.

O labrego dempois de levar unha farta de patacas, quedase como si lle deran unha malla de paus n-o lombo.

As patacas dempois que se dixiren, xuncras leve sinon se volven fume n-o estómago, porque o fan infrar como si fose un grobo.

Aseméllanse ás patacas os que gobernan, pol-o moito que enchén e pol-o pouco que com-pracen.

As carnes d' os que viven mantidos á patacas son carnes fofas, e n-o seu cerebro nin xiquera brila o lostrego d' unha idea: non é milagre, non se soupo que ningún xenio concibise un gran pensamento estando facendo a dixestión d' unhas patacas.

Foron nadas en mala terra pra que teñan bós feitos. Trouxéronas os mouros ou d' alá viñeron elas de seu, pra que sean comida d' apetencia p' os cristianos enxebres. A garamalla d' as patacas dáelle ó gando; a fror d' as patacas non cheira nin loce.

As patacas teñen ollos como o queixo cando é malo, e como di o refran, ollos que non ven co-razon que non sinte, ou o que ven á ser o mesmo pol-a nova filosofía, patacas cegas, toupeñadas n-o estómago.

Hainas fariñentas e nabudas, mais nin unhas nin outras pasan de ser patacas, ou mantenza de fanfuriña.

Pol-a mor d' as patacas, en opinion d' un sabido d' aldea que non deixará de ter razon pois fala por esperencia, sentimos a morriña os gallegos, e vamos á pousos pol-o camiño d' o noso adianto; namentres se abuse tanto d' as patacas en Galicia, será un sono a cobizada union gallega, pois sendo un alimento que non s' achega ó corpo, mal pode estreitar os lazos d' os espiritos. Os ingresos teñen union é medran porque apenas proban as patacas. Os catalás teñen forzas pra traballar e pónense ricos porque solo comen as patacas por un antoxo.

En Galicia socede pol-a contra: o rayo d' as patacas son a carántula d' o pan de cada dia, e así hay tantos rapaces co-a riquitis, tantas mulleres opiladas, tantos mozos con morriña e tantos vellos arrangallados.

Nin como industria poden pasar as patacas, porque dan moito traballo e son de pouco proveito. Ningun labrador foi adiante por precuralas. Mais valera que se botasen á lameiro os eidos en que se sementan, pois de daren ferraña poderian criarse mais touras d' as que se crian e teríamos a carne millor e mais barata en Galicia.

As patacas son n-a nosa mesa un nemigo d' a alma; estánuos atentando sempre c' os recordos d' a carne, sobre todo cando as poñen solas n-a fonte. O fume que botan cando veñen quentes, é unha relembanza d' o fume d' o inferno. As

patacas fritas parecen espiritus de condanados; as patacas cocidas ánemas d' o Purgatorio que agardan pol-a resurreccion d' a carne; en cachelos son com' os afrixidos pol-os trabucos que dempois de ferver a cachon soltan o coiro a pouco que lles turren; patacas o natural pasadas por auga c' unha area de sal por bautismo pra diferencialas d' as que se lle botan ós porcós n-os barcales. As patacas que s' asan ó lume son patacas cesantes que por quentarse acostuman a queimarse, como lle pasa a algúns empregados que por s' arrimaren ó sol que mais quenta déixanos pra que se pasen n-a borralla d' a cesantía.

As patacas son com' o mal, que son benditas cando non veñen solas. Bendito seas mal si ves solo! ¡Benditas seádes patacas si non vindes solas, e vindes n-a compañía d' as talladas apetecentes e succulentas!

Os labregos que van o rianxo c' un saco de patacas aseméllanse á bestas de carga: levan moito peso pra non ganaren diñeiro. A todo valer un saco de patacas val dez réas, o alquiler de calquer faco por xornada.

As patacas fan como a mala erba que aixiña reverdece, a pouco que se garden n-a bodega sañense e bótannos cada cria! As crias d' as patacas que groman son pèrdas. N-este caso as patacas acaban por onde deberan comenzer, por serviren de forraxe ós marraos.

O mais famento non pode levar unha farta de patacas, porque é comida que logo s' atasca n-a gorxa, e non corren sin que lle boten auga. Non falo de viño porque o mosto non fai migas co-as patacas n-a nosa terra. Os que beben viño apen-al-as proban.

Tampouco é cousa que se poida gardar n-a faltriqueira pra lle levar como agasallo ós nenos d' a casa, porque as patacas dempois qu' enfrian pónense acedas.

E que mais ¿a quén se lle pasou pol-as mentres agasallar á ninguen c' un regalo de patacas?

¡Nin pra untar o carro sirven estes tubérculos!

O dia que os gallegos coman menos patacas e mais carne, cando non se cozan tan á miudo n-os potes d' os probes, aquel dia será o Xénesis d' a nosa rexeneración, e cantarános outro galo.

Depreñei de min, meus compañeiros de monteira, si querendes ser outros. Como agora botandes os garabanzos n-o pote con conta e razon pol-os dias de festa, botai as patacas de hoxe en diante e non sintirendes tanta morriña, nin terendes tantas xenreiras, nin pecarendes de cachazudos.

¡Atracarme eu de patacas novas ou vellas, cocidas, asadas ou en cachelos! ¡Un demoro! Namentres se podia, as patacas nin velas, e de velas que sea por antoxo ou misturadas c' o compango, unha sola vez n-o ano como se compre c' o preceuto ou dinantes si se correse o peligro de non ter que xantar outra cousa.

‘O ESPERTAL-O DIA.

**En Conxo.**

O sol que doura soute e ribeira  
sai esparcendo tesouros mil,  
os regos bulen pol-a pradeira,  
brilan as frores d' a primadeira,  
tí solo, nena, faltas eiquí.

Ven que te chaman os paxariños  
con tenros cantos dende seus niños,  
non te deteñas, ven pr' onda min,  
qu' estes encantos d' a natureza,  
non son consolo pra esta tristeza  
que sinto nena, lonxe de tí.

N-estas garridas verdes alfombas  
unha manada de brancas pombas  
á beber auga veuse detêr;  
y-a nobre filla d' un estranxeiro  
a cova sua n-este mosteiro  
cumprindo un voto mandou facer.

N-esta ribeira sempre garrida  
d' o Sar lixeiro murmurador,  
fai o convento n-o que Rosuida  
esconsolada pasou a vida  
chorando a morte d' o seu amor.

Conxo, que garda d' estes amores  
a negra historia, chea de doores,  
será testigo d' o noso afan;  
as duas sombras d' os namorados  
qu' en vida foron tan acoitados,  
as nosas citas protexerán.

Deprenderemos á ser costantes;  
a triste historia d' eses amantes  
será o consolo d' o noso amor,  
pois xa sabemos que cando é forte  
tanto n-a vida como n-a morte  
deixa recordos unha pasion.

.....

¡Si tu poideras vel-o qu' eu vexo!  
¡Cantos encantos, canto refrexo  
e cantos rayos de vida e lus!  
Vexo Santiago sempre xigante,  
¡cántas eirexas vexo por diante,  
e cantas torres e canta crus!

Fai San Lourenzo n-esa fondura,  
Velví erguido n-aquela altura,  
ô pè d' o pobo sospira o Sar;  
a *Rocha* dorme n-unha ladeira,  
baixo d' os mantos d' unha silveira  
pensa n-os anos que viu pasar.

Non sei que cousas estranas teñen

estes recordos que agora veñen  
á confundirse n-o corazón;  
en canto miro vexo poesía;  
ven miña xoya que chega o día,  
ven meu arcaxel que sai o sol.

Ven que te chaman os paxariños  
con tenros cantos dende seus niños,  
non te deteñas ven pr' onda min  
qu' estes encantos d' a natureza  
non son consolo pra esta tristeza  
que sinto, nena, lonxe de tí.



O secretario d' o Auntamento d' a Bola apelli-  
dase Lezon.

Lezon noméase o módeco de probes d' o Aun-  
tamento d' a Bola.

O alcalde non é Lezon, que se chama Branco.  
Non é mal tronco o d' o álbore d' aquel pre-  
supuesto municipal, n-o que se inxertaron e  
prenderon duas puas d' unha mesma familia.

E si un mata e outro esfola  
eses dous hirmaus Lezon  
serán n esta situacion  
donos d' o nabal n-a Bola.  
E non me parece mal  
que tal fagan, pois fan ben,  
porque as mesmas mañas ten  
a familia Bugallal.



Nin pol-as indireutas que lle botan os obispos  
a Pidal n-as pastorales, deixa o canto d' o Minis-  
terio o maor d' os mestizos.

¿Virenme con hipotesis? ¿A min co-esas?—di-  
rá pr' o seu chaleque o membro d' a Union cató-  
lica, con fumes d' obispo con lambita.—Eu estou  
pol-a tesis, representada pol-a carteira de Fo-  
mento, e son *per sé* catolico enxebre sin cuanta-  
que, e *per accidens* ministro conservador con  
trinta mil pesetas por ano.

Faceivos cargo d' a insinanza, labregos, que  
d' un e d' outro xeito, en hipotesis y-en tesis  
non sabendes mais que turrar d' o sachó e pagar  
trabucos.



O señor Sagasta ándavos de riola pol-as pro-  
vincias andaluzas onde non se sintiron os terre-  
motos, por si cicais.

Cando Cánovas lle facía ó poder a rosca d' o galo, andaba de riola por Galicia.

As riolas d' os políticos non responden mais que ó cobizo de ganar as voltas pra coller a dianteira.



Dous mozos namorados d' esta vila, que non quero lembrar, anque s' estila, pra que non fagan bulra d' eles, (coma) van de noite á Carreira d' es defuntos á falárense os dous e non de groma, pois d' este xeito fálense: (dous puntos). «Que queiran ou non queiran, o dereito á nos casar ninguén xa nol-o empata, que o estamos intervivos.» e como levan sempre o dito á feito, poño, pra non meter n-o conto a pata un ringuilon de puntos suspensivos.

Si n-a conversa van ou non á fondo queres saber, leutor, á mala parte vés si vés onda min. (Punto redondo e capitulo aparte).

\*\*\*

Falemos d'outra cousa. (Interrogantes).

¿Qué farán dous amantes de noite e latricando sempre xuntos aló pol-a carreira d' os defuntos? ¡Ay, que cousas se ven! (admirantes), Esta nova especial ortografía pode ser que a ninguén de novo colla, que hay doutores abao hoxe n-o dia en gramáteca parda. (Volta a follá).



Comeron d' a paella valenciana os alcaldes e concexales d' os auntamentos d' o Carballiño, Verín, Gudiña e Mezquita, e inda ven non comeron d' ela cando cairon tumbados ó chao. ¡Nin que a paella fose morcilla y-os concexales cadelos!

Hoxe a política faise d' un xeito que nin a rábea, pois dan a moitos morcilla co-a paella valenciana.



Un can adoecido que caneu pol-as ruas d' Ourense a noite de viernes santo, mordeu á tres presoa e puxo en alarma ós veciños.

Unhas señoritas ó sabelo botáronse á chorar e non quixeron ir pr' a casa hastra que foi o Santiago á buscal-as en coche. Outras, mais valentes, armáronse d' escobas que mercaron n-unha tenda e dispúñanse á comer o can á paus. Non é milagre que as mulleres fixesen tales cousas, cando houbo pé d' home que non volveu pr' a casa sinon acompañado de dous amigos con duas escopetas cargadas.

Eu ¡pr' a qué hei negalo? aquela noite cobizaba d' andar n-a compañía d' unha parexa d' a garda civil, ¡porque eso de morrer adoecido!

Si fose xiquera de política como lle pasa a moitos alcaldes e concexales n-esta tempada que son mordidos por un can de palleiro de Pontareas, inda poidera pasar, pois con tomalo a groma cantando aquilo de

«O can, o can,  
o demo d' o can...»

iría un matando a rábea, xa que non hay quen s' estreva á poñerlle bozal, pol-a mor de que o can de palleiro trae carranca.



As damas d' a nobreza de Madril, entretéñense en tomar a almohada.

Os empregados toman posesion.

Os cesantes e retirados toman o sol.

Os libertinos toman a manta.

Os médecos toman o pulso.

Os que andan ben mantidos toman café.

Os que rouban os almacés d' Estancadas toman as de Villadiego.

Os que sinten calor toman o fresco.

Os probes toman o que lles dan.

Os labregos tomamos quina, y-eso non d' a que venden n-a botica.



Eu non vos quero falar como sei e como quero, desde que oubin á Valero n-o treatro decramar, e cácome porque temo dicir unha cousa fea, pois metéuseme n-a idea que fixo pauto c' o demo. Fai o que quere facer, fala o que quere falar, pinta o que quere pintar como non hay mais que ver. E debemos apraudilo, e por unha groria telo e ter a honra de vélo y-a compracencia d' oubilo.

◊ ALALALAA...

Si é que escoitades cando o sol morre, cando a ovelliña n-o monte bala, un canto tenro, vago e subprime que conmovida vos deixa a alma; un canto brando pero queixoso que de pasados recordos fala, é o mellor canto d' a nosa terra...  
é o alalalaa.

Cántan-o as mozas que o gando coidan, cántan-o os homes que os eidos labran,

cantando os nenos que san d' a escola  
van esa cántega...  
¡Ay que feitizos eiquí en Galicia  
ten o *alalalaa!*...

Cand' os gallegos morren de coitas  
entr' os misterios d' as suas montanas,  
entoan o canto con moita forza,  
y-enton semellan, n-as enramadas,  
eses gorxeos d' os reisenores  
cando saudan a luz d' a yalba,  
eses murmurxos que ten o rio,  
eses concertos que fan as auras...

Dempois qu' o entoan con moita forza,  
con toda a forza d' as suas almas,  
van-o baixando pouquiño á pouco  
hastra que logo n-a gorxa esmaya,  
como unha queixa que leva o vento,  
cal un suspiro qu' o peito garda.

¡Ay! non m' esquecen d' aquela tarde  
as hoxe mortas legrías santas,  
cando eu oubía por vez primeira,  
aló n-o monte, lonxe, o *alalalaa!*...

¿Qué canto é ese?—eu preguntéille  
á unha garrida xóven aldeana  
qu' un feixe d' erba, n-a sua cabeza  
chea de negros rizos, levaba—  
y-ela miroume co-aqueles ollos  
qu' a duas estrelas s' asemellaban,  
e co-a sourrisa n-os roxos lábeos,  
asina dixo con moita gracia:

«A cantiguíña qu' hastra nos chega  
»còmovedora, doida, branda,  
»é o feitizo d' estas ribeiras,  
»a compañeira d' as nosas almas,  
»é o consolo d' as penas fondas,  
»o pano limpo que enxuga as vágoas,  
»o millor canto d' a nosa terra,  
»é o *alalalaa!*...

»O meu cortexo veira d' a fonte,  
»e n-unha noite de lua crara,  
»vendo que estaba cantando, estraída,  
»soñando amores, un *alalalaa!*...  
»Díxome logo qu' enchín á ola  
»e cando ó pobo m' encamiñaba:  
—»Por Dios che rogo que cando estemos  
»os dous soliños, miña Mariana,  
»si é que non queres me volva tolo,  
»non mais entóes ese *alalalaa!*...  
»seica che deron iman as meigas,  
»seica che deron a voz as fadas;  
»tí fasmé dano, si é que me queres  
»miña xoiña, non cantes, cala.—»

¡Meu Dios! ¿qu' estrano é que se volvan  
loucas d' amores as aldeanas,  
si tí puxeches n-o chao gallego  
as melodías d' un *alalalaa!*...  
Ese linguaxe d' o sentemento,  
esa amorosa doida cántiga,

forte ó comenzo, tenra n-o tono,  
e lastimeira cando s' apaga:  
e necesario non ter n-o peito  
un sentimento nobre, nin alma  
pra que indifrente pódea escoitarse  
aló n-as noites de lua crara  
n esta adourada, bendita terra,  
un *alalalaa!*...

Cando se queixan os paxariños,  
cando murmuxan as frescas augas,  
cando os perfumes d' o val s' esparxen,  
cando sospiran as ledas auras,  
e cando as tristes campás d' a eirexa  
dobran ás ánemas,  
¡ay! que feitizos eiquí en Galicia  
ten o *alalalaa!*...



## CORREO D' O TIO MARCOS.

D. A. E. L., Cruña.—Recibin seis reás pol-a  
sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xunio.

D. P. C., Benavente.—O mesmo.

D. M. G. A., Entrimo.—O mesmo.

D. X. P. B., Mondoñedo.—Recibin unha li-  
branza de tres pesetas pol-a sua suscripcion has-  
tr' os derradeiros de Setembre.

D. A. F., Vila d' o Castro.—Recibin seis pe-  
setas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros  
d' Outubro.

D. X. M. L. G., Chantada.—Recibin seis  
reás pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros  
d' o ano pasado.

D. X. L., Tres-Rios.—Recibin catro pesetas  
pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este  
ano.

D. X. P. d' o R., Oviedo.—Recibin unha  
libranza de tres pesetas pol-a sua suscripcion has-  
tr' os derradeiros de Xunio.

D. V. L., Vilamartin.—Ten razon n-o que di  
n-a sua carta; queda suscrito hastr' os derradei-  
ros de Mayo.

D. X. F., Coruña.—Recibin unha libranza de  
seis pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derra-  
deiros de Marzo d' o ano que ven.

IMPRESA D' O ECO D' OURENSE,

Alba 15, baixo.



## O TIO MARCOS D' A PORTELA

### PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fóllo, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o país gallego.

#### SUSCRICION

Seis réas cada tres meses.

#### ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçions é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.  
—Os pagos faranse en letras d' o xiro.

## ALMACEN DE ULTRAMARINOS

DE

# D. RAMON QUESADA,

## PRAZA MAOR=OURENSE

Gran surtido de bacalao d' Escocia e de Noruega, es-  
beches en latas e barriles, ostras, lamprea, salmon, roda-  
ballo, besugo, congrio, sardiñas, e pra que nada falte tamen  
vos hay bacalao a vizcaina, bacalao a catalana e pulpo.

Latas de pementos, mixilôs, guisantes e froitas en con-  
serva.

Queixos de hola e de total-as castes e salchichôs de Vich.

*Precios económicos en competencia c' os conecidos.*

